

«Non creo na fronteira entre xéneros, pero síntome poeta»

Concha Pino

Santiago

Entrevista | Claudia Castro A autora compostelá asegura que o feito de que lle publicaran o seu primeiro libro de versos representa unha gran motivación para seguir escribindo

9 de febreiro de 2006

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2006/02/09/non-creo-na-fronteira-xeneros-sintome-poeta/0003_4502689.htm

Presentar o primeiro libro é, para calquera autor, un acontecemento iniciático que se asemella a un bautismo en moitos aspectos. E a xornalista Mercedes González viviu onte esa experiencia, se ben encarnada en Claudia Castro, o seu pseudónimo literario, coa presentación de **Adagio para unha viaxe silente**, o seu primeiro libro de poemas, editado por Follas Novas edicións, e coa tamén xornalista e escritora Rosa Aneiros de madriña. O acto, que se celebrou na sede da editorial compostelá, foi introducido polo seu director literario, Alonso Gírgado.

-Escribo dende sempre, pero non me propuxera publicar ate que, hai tres anos, empecei a facelo en revistas electrónicas como Andar 21, porque me apareceu moi interesante e cun nivel de calidade moi alto. Así que me animei e tamén me presentei a premios, gañando o que convoca a financeira Duck Fin.

-¿Por que o pseudónimo?

-Naceu cando empecei as colaboracións electrónicas, e decidín mantelo, porque tamén foi co nome que gañei algúns certames.

-E fai poesía intimista ¿é unha vía de escape en tempos de crise?

-Escribo poemas intimistas e de temática social, porque tratase de sentimentos. Neste libro é a viaxe pola vida nun fragmento de dous anos. E hai de todo: amor, desamor, o **Prestige** e a guerra de Iraq coa carga de frustración e de xenreira que me produciron.

-¿Non pensou en escribir narrativa?

-Síntome poeta antes que narradora, pero non digo que non chegue a facelo, porque non creo na fronteira entre xéneros, e si na esencia do narrador de historias e do poeta de versos, indistintamente.